



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte chega esta fin de semana a Viveiro, Carballo, Vimianzo e Portomarín

***Sexpiertos*, recoñecida co Premio Max 2023 á Mellor Labor de Producción, e que conta con Telmo Irureta -Mellor Actor Revelación nos Premios Goya 2023- como protagonista, poderase ver o venres 13 en Viveiro e o sábado 14 no marco da 32ª edición do FIOT de Carballo**

***Misery*, a adaptación teatral de William Goldam da novela de terror homónima de Stephen King, chegará á Casa da Cultura de Vimianzo o sábado 14 da man da compañía asturiana Saltantes Teatro**

***Circus Magníficus*, o espectáculo de malabares, equilibrismo e maxia da compañía cántabra Malabaracirco, apto para todos os públicos, poderase ver o domingo 15 na Praza do Camiño de Portomarín**

Galicia, 09 de outubro de 2023.- Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas que celebra este ano a súa quinta edición entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, achegará esta fin de semana novas funcións do seu programa de exhibición e encontros co público ás localidades de Viveiro, Carballo, Vimianzo e Portomarín. Do venres 13 ao domingo 15, a veciñanza destes municipios poderá gozar coas representacións de *Sexpiertos*, da compañía vasca Tanttaka Teatroa, *Misery*, da asturiana Saltantes Teatro, ou de *Circus Magníficus*, da cántabra Malabaracirco.

Un dos pratos fortes do circuíto de funcións do nomeado **Itinerario Constelacións** é o espectáculo *Sexpiertos*, da compañía vasca Tanttaka Teatroa, unha peza que obtivo o Premio Max 2023 á Mellor Labor de Producción. O protagonista e cocreador é Telmo Irureta, quen acadou o Premio Goya 2023 ao Mellor Actor Revelación. Na peza interpreta a Nico, un xornalista con parálise cerebral. Sobre o escenario, con Ana (Miren Arrieta), unha vendedora de caramelos sumida en múltiples contradicións, explicarán sen complexos as súas vivencias afectivo sexuais para amosar que todas e todos nós temos diferentes medios, soños e ilusións.

Sexpiertos contará esta fin de semana cunha dobre función en Galicia. Por unha banda, o venres 13 estará na mariña lucense, concretamente, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro (20.30 horas). Ao día seguinte, o elenco viaxará ata Carballo, para presentar a súa proposta no marco do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o FIOT. Cómpre salientar que a 32ª edición do FIOT foi elixida este ano como a iniciativa cultural galega da liña de programación Vieiros, e que pon en valor o proxecto noutros territorios participantes do CEN (Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra).

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

O sábado 14, a actividade de Camiño Escena Norte centrarase na Costa da Morte. Ademais da representación de *Sexpiertos* no Pazo da Cultura de Carballo (20.30 horas), na que haberá un encontro ao finalizar co público, CEN chegará ata Vimianzo para presentar *Misery*, a adaptación teatral de William Goldman sobre a novela de terror homónima de Stephen King. Considerada unha proposta de culto no eido do terror psicolóxico, a peza será interpretada pola compañía asturiana Saltantes Teatro. Ao remate da función (que terá lugar no Auditorio da Casa da Cultura a partir das 20.30 horas), celebrarase un encontro co público que contará coa mediación de Santiago Cortegoso, director de Ibuprofeno Teatro e presidente de Escena Galega.

A última proposta para esta fin de semana chegará da man da compañía cántabra Malabaracirco, cunha ampla traxectoria en festivais e encontros de Europa, África e América, e responsables da xestión e coordinación da Escola Municipal de Circo e Teatro Físico de Torrelavega. Trátase do espectáculo **Circus Magníficus**, unha divertida peza na que unha singular *troupe*, liderada por Giuseppe Morosso, sorprenderá ao público ao combinar malabares, maxia, equilibrismo, funambulismo e, moi especialmente, altas doses de humor. A cita será o domingo 15, a partir das 18:00 horas, na Praza do Camiño de Portomarín.

AXENDA CEN 2023 | VENRES 13, SÁBADO 14 E DOMINGO 15

13/10/2023 | 20.30 horas. Teatro Pastor Díaz, Viveiro.

***Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroa (Euskadi)**

Público adulto | Reserva de entradas no teléfono 982560162 e no correo rbg.cultura@viveiro.es, de luns a xoves, en horario de 09.00 a 14.00 horas e a partir das 19.30h. na billeteira do teatro o día da función.

14/10/2023 | 20.30 horas. Auditorio Pazo da Cultura, Carballo.

***Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroa (Euskadi)**

Público adulto | Venda de entradas na web do FIOT, www.fiot.gal. Encontro co público ao remate. Acompaña: Gustavo del Río (Os Naufragos Teatro).

Din que o corazón de Ana é un dormitorio baleiro. Nico quere tatuar o seu. Están atrapados nun ascensor e van pasar de seren descoñecidos a amigos. Ben, isto pasou hai tres anos, pero viaxando ao pasado, viviremos no presente o que nos veñan contar. O amor, o sexo, a soidade e os prexuízos da xente serán os temas a tratar. Unha historia de dous amigos, unha historia de crecemento persoal tinguida de humor e dor a partes iguais.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

14/10/2023 | 20.30 horas. Auditorio da Casa de Cultura, Vimianzo

Misery, de Saltantes Teatro (Asturias)

Público adulto | Venda de entradas en www.woutick.es. Prezo: 5 € Encontro co público ao rematar. Acompaña: Santiago Cortegoso (Ibuprofeno Teatro)

Misery é a adaptación teatral de William Goldman sobre a novela de Stephen King do mesmo nome. Paul Sheldon, un célebre escritor de novelas románticas, sofre un grave accidente mentres conduce no medio dunha tormenta de neve. Pouco despois esperta na casa de Annie Wilkes, a muller que o rescatou. Por sorte para el, ela é enfermeira, así que, ademais de lle ofrecer refuxio durante a tormenta, axúdao coa recuperación das súas feridas. Ela confesa ser a maior admiradora da saga de novelas de Misery Chastain, creada por Paul. Pero tras pasar uns días na casa, Paul comeza a preguntarse se está a salvo con Annie.

15/10/2023 | 18:00. Horas. Praza do Camiño, Portomarín (en caso de choiva, a función terá lugar no polideportivo municipal)

Circus Magníficus, de Malabaracirco (Cantabria)

Público infantil e familiar | Entrada libre ata completar capacidade

O gran Giuseppe Morosso chegou na súa caravana para sorprender a pequenos e grandes coa súa *troupe* de circo. Esta creación pon en escena, ao máis puro estilo cabaret, un espectáculo que combina malabares, maxia, equilibrios, funambulismo e altas doses de humor. Unha obra destinada a público familiar, que nos achega as grandes proezas do circo, o máis difícil aínda, desta insólita equipa formada polo pallaso Americo Liflor, o robot funámbulo analóxico ZX81, e o equilibrista Kenny Bell.

Para máis información

PRENSA CEN Galicia | Lucía Pita. 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa CEN Galicia 2023 (fotos en alta, vídeos, dossier de prensa)

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZIpYXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

